

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 63 - 2022

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Fronte á carestía da vida, mobilización e negociación colectiva

Reclamar políticas públicas, salarios e pensións dignas para enfrontar a crise e a pobreza que ten un impacto brutal no conxunto das maiorías sociais. Baixo esa consigna, a CIG mobilizouse o pasado 29 de novembro en 14 cidades e vilas para exixir a intervención pública da economía e dos sectores estratéxicos para frear a inflación e a carestía da vida, e unha intervención pública dos mercados para poñer fin á especulación que encarece bens básicos mentres unhas poucas empresas aumentan de forma multimillonaria os seus beneficios.

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, valora que a pesar dos millonarios beneficios obtidos polos grandes bancos e as eléctricas neste 2022 e que os beneficios das empresas do IBEX medran 8 veces máis que os salarios, os novos impostos á banca e ás eléctricas son insuficientes e inofensivos para o capital, como evidencia que axiña foran avalados polo FMI.

Critica ademais que non se decreta a conxelación dos tipos de xuros para as hipotecas á clase traballadora e ás clases populares, tal e como a CIG vén reclamando dende hai meses.

Sobre os Orzamentos Xerais do Estado, denuncia que non dan solución ás graves carencias e necesidades sociais e son claramente discriminatórios para Galiza. Pero ademais, veñen acompañados de lesivas reformas para satisfacer as duras exixencias da UE, como a reforma das pensións para ampliar dos 25 aos 30 anos o período de cómputo ou a privatización do Servizo Público de Emprego.

Pola contra, increméntase o gasto militar e os chamados a impoñer un



pacto de rendas "que é un verdadeiro pacto de perdas, con subas salariais que non garanten o poder adquisitivo, mentres o SMI e as pensións seguen por debaixo do que recomenda a Carta Social Europea".

En Galiza, a crise agudízase porque temos importantes sectores produtivos e comarcas enteiras agonizando, con cada vez menos emprego e industria, e máis emigración e poboación avellentada. Un camiño facilitado polas "políticas suicidas do Goberno do PP na Xunta" que impiden un desenvolvemento propio e que só buscan "converter Galiza nun grande camiño de Santiago, avanzar na privatización dos servizos públicos, na eucaliptización dos montes e a consolidación dun novo proceso de colonización enerxética".

Seguir na loita

Para exixir políticas alternativas e que esta crise non a pague de novo a clase obreira, a CIG veuse mobilizando ao longo deste ano porque "gobere quen governe, as políticas favorá-

beis ás clases populares temos que loitalas" e "cómpre seguir saíndo á rúa cando as políticas que se fan non frean os efectos devastadores que ten a inflación e a carestía da vida".

O secretario xeral insta a intensificar o conflito na negociación colectiva e xerar dinámicas mobilizadoras para que non nos rouben o dereito a negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, defendendo o noso poder de negociar e decidir nós de forma directa e democrática as nosas condicións de traballo e os nosos salarios, impedindo que o fagan as cúpulas sindicais de UGT e CCOO.

"Estamos chamados e chamadas ao conflito ante a patronal, na negociación colectiva, e ante os Gobernos galego e central para cambiar as políticas, acabar co empobrecemento, para que se aproben medidas de intervención pública na economía e nos sectores estratéxicos, para a recuperación económica, a defensa dos servizos públicos, a industrialización e a creación de emprego digno na nosa Terra", conclúe.

As traballadoras dos SAF conseguen frear, tras 28 días de folga, a sinatura do convenio

A valentía das traballadoras dos Servizos de Axuda no Fogar (SAF) que, contra vento e marea, cuns servizos mínimos abusivos e soportando presións de todo tipo, se mantiveron firmes e unidas na loita durante 28 días de folga indefinida, permitiu que conseguisen o seu obxectivo: que CCOO e UGT non asinasen un convenio lesivo para os seus intereses.

Precariedade e escaso recoñecemento social marcan o día a día das traballadoras dos SAF, que desenvolven un labor básico para miles de persoas en toda Galiza como é servizo de axuda no fogar. Un servizo público do que a Xunta de Galiza se desentendeu, traspasando a súa prestación aos concellos, que á súa vez deixan a xestión destes coidados en mans de empresas privadas, máis preocupadas por obter beneficios económicos que por garantir unhas condicións laborais e asistenciais dignas.

Cun convenio sen actualizar desde 2011 e tras as situacións dramáticas vividas durante a pandemia, a patronal non só pretendía consolidar a precariedade que padecen, sen garantir sequera o mantemento do poder adquisitivo cunhas subas salariais acordadas ao IPC, senón que mesmo buscaba crear unha dobre escala salarial con dúas táboas diferenciadas en función de cando se licitasen os contratos.

Garantir condicións dignas

Estas propostas, inadmisíbeis para as traballadoras, foron porén aceptadas por CCOO e UGT, que chegaron a asinar un preacordo de convenio colectivo que non permitía garantir unhas condicións laborais e salariais dignas, nin camiñar cara a necesaria dignificación dos traballos de coidados.

Por iso a CIG convocou unha



folga indefinida e, durante 28 días, as traballadoras celebraron todo tipo de concentracións, manifestacións e actos de protesta en infinidade de concellos. Preto dun mes de mobilizacións durante o que CCOO e UGT mantiveron silencio até que, a petición da CIG, o pasado 29 de novembro o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) convocaba a todas as partes a unha mediación na que, por fin, os sindicatos estatais declaraban que non asinarían ese convenio.

A decisión anunciábase ás portas mesmo do CGRL, onde as traballadoras permanecían concentradas á espera de coñecer os resultados da

xuntanza. A vitoria da súa loita, a satisfacción por conseguir o primeiro dos obxectivos perseguidos compensaba así 28 duras xornadas de loita incansábel.

Deste xeito, a folga fica suspendida, á espera de que se reúna novamente a mesa de negociación para que se redacte un novo convenio que garanta incrementos salariais acordados ao IPC; contemple compensacións por quilometraxe xustas, atendendo á suba desbocada do prezo dos combustíbeis, e se dignifiquen e recoñezan socialmente os esenciais traballos de coidados que desenvolven.



As dependentas de Inditex avanzan firmes na loita por un salario digno

Despois das históricas folgas realizadas o 24 e 25 de novembro en demanda dunha suba salarial digna que lles permita recortar as enormes diferenzas que existen cos compañeiros e compañeiras doutras empresas do grupo, as dependentas de Inditex da provincia da Coruña acordaron ir á folga de novo o 23 de decembro ante a ausencia de solucións por parte da compañía.

Ademais, de non producírense movementos por parte da multinacional téxtil, as dependentas decidiron ir a unha convocatoria de folga indefinida no mes de xaneiro, coincidindo co período de rebaixas.

As traballadoras rexeitan por insuficiente a proposta de Inditex na mesa de negociación que lograron abrir na provincia da Coruña e que, posteriormente, a multinacional pactou en Madrid con CCOO e UGT, “roubándonos o dereito a negociar nós mesmas e aquí as nosas condicións de traballo”.



As traballadoras reclaman un incremento progresivo dos seus soldos que en tres anos acade os 440€/mes. Pero a empresa limita esta suba a un total de 182,93€/mes en 2024, malia rexistrar beneficios milmillonarios.

Pero a maiores, Inditex négase de plano a negociar que se lle aplique ao persoal das tendas os dereitos sociais que, despois de duras loitas sindicais, xa teñen recoñecidos noutras empresas, como as axudas por coidado,

para adquisición de libros ou o bono comedor.

Diante desta discriminación no recoñecementos dos dereitos, de ter que soportar os peores horarios e xornadas, de elevada parcialidade que sofren (as xornadas a 40h están consideradas un “privilexio”) e de ter os soldos máis baixos de todo o grupo, as traballadoras están dispostas a continuar na loita até conseguir unhas condicións económicas e laborais dignas porque non queren seguir sendo “as pobres de Inditex”.

Basta xa de explotación á discapacidade!

A CIG tenlle declarada a guerra aos centros especiais de emprego que explotan o seu persoal baixo a escusa da integración sociolaboral das persoas con capacidades distintas. Tal e o caso de Ilunion Servicios Industriales Pontevedra, pertencente ao grupo ONCE, que nutre de traballadores/as as principais compañías da automoción da comarca de Vigo.

A representación da central no comité de empresa deste centro especial de emprego (10 de 17 delegados/as) leva xa varios anos promovendo mobilizacións para lograr unha dignificación das condicións de traballo dos arredor de 620 empregados/as que prestan labor en compañías como Stellantis, Lear, Benteler ou Denso, xa que, a diferenza dos seus compañeiros/as, se lles aplica o convenio estatal de Centros Especiais de Emprego, que contempla unhas condicións laborais e salariais precarias.

Por iso decidiron alzar a voz en defensa dos seus dereitos e para de-

nunciar a precariedade e a explotación laboral que padecen: cobran o SMI e teñen a metade de dereitos. O inicio das accións reivindicativas remóntase a 2019, cando a CIG desenvolveu a primeira das mobilizacións diante da sede da ONCE en Vigo. Logo chegarían concentracións en Stellantis e de novo ás portas da ONCE, protestas que se están a intensificar nas últimas semanas e que poderían desembocar nunha convocatoria de folga.

Os traballadores/as suspenderan as mobilizacións durante un mes mentres negociaban coa dirección unha mellora salarial que finalmente non se aplicará porque Ilunion pretendía a cambio flexibilizar aínda máis a xornada de traballo.

Convenio de sector

Esta precarización do emprego disfrazada de integración laboral levou a CIG-Industria a iniciar unha campaña

para esixir que aos empregados/as de Ilunion se lles aplique o convenio do sector no que prestan servizo (neste caso o do metal da provincia de Pontevedra) ou que se negocie un convenio propio para o centro vigués.

No caso de Vigo, malia cobrar o SMI, teñen que aturar os elevados ritmos de traballo, a realización de horas extraordinarias e as xornadas irregulares na mesma medida que o resto do persoal das compañías da automoción. E iso a pesar de que, segundo o convenio dos centros especiais de emprego, a súa xornada máxima semanal é de 38,5 horas e non poden facer nin prolongacións da xornada nin ter unha distribución irregular das horas de traballo.

Ademais, non están sequer recibindo a formación obrigatoria establecida por lei, algo especialmente grave tendo en conta que se trata de persoas con capacidades distintas, tanto físicas como psíquicas.



A CIG defende que se suprima o delito de sedición no Código Penal

Mais rexeita a substitución polo de desordes públicas agravadas

A Confederación Intersindical Galega defende a supresión do delito de sedición, mais rexeita que se aproveite a modificación do Código Penal para introducir novos tipos que supoñen incrementar a persecución e represión da mobilización social.

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, denuncia que “con esta iniciativa estaríase deixando sen efecto a derogación, hai 18 meses, do artigo do Código Penal que castigaba con cárcere os piquetes e criminalizaba o dereito de folga”.

A CIG defende a mobilización social como unha das principais ferramentas que ten a clase traballadora para defender os seus dereitos e reclamar avances. Por iso rexeita a pretensión do goberno español de aproveitar a modificación do Código Penal para

suprimir o anacrónico delito de sedición para introducir un novo tipo baixo a epígrafe de “desordes públicas agravadas”.

“Estamos completamente a favor de que se elimine o delito de sedición”, explica Carril, pero “crear ese

delito substitutivo é unha aberración, é antidemocrático e vén crear, nun contexto no que aínda non se derogou a lei mordaza, o marco ideal para criminalizar a mobilización social”, matiza.

Nese sentido, advirte do incremento das penas mínimas de 1 ano, até o de agora, a 3 anos, de se aprobar esta modificación, por desordes públicas, “co que se

abre a porta á entrada en prisión”. Unha consideración que dependerá de como o valore, subxectivamente, a policía, a fiscalía ou a xuíza ou

xuíz e que se podería aplicar, por exemplo, a unha ocupación dunha empresa no contexto dunha folga ou dunha mobilización.

O secretario xeral da CIG manifesta ademais o rexeitamento da central sindical á pretensión de aplicar penas de inhabilitación a persoal das administracións e cargos públicos, caso de seren condenados por desordes públicas.

Así mesmo, manifesta a súa preocupación por que se puidese querer acelerar a tramitación destas modificacións no mes de decembro, nun momento no que o debate está enlameado no plano político, sen que se poida dar o necesario debate social. Fronte a isto, demanda a urxente derogación da lei mordaza e a eliminación desta modificación do que se quere presentar como “unha versión modernizada do Código Penal”, que non é máis que “converter nun delito de desorde pública agravada o que até o de agora foi unha forma de mobilización das organizacións sociais”.

A modificación do Código Penal criminaliza a mobilización social seguindo a liña da lei mordaza, que aínda non foi derogada.